



Expediente núm. 2022/E001/000009
2023/G003/000070

**DECRETO DA CONCELLEIRA-DELGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS,
INDUSTRIA E EMPREGO**

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Mediante o Decreto núm. 1378/2022, do 18 de outubro, desta Concellaría-Delegada, acordouse convocar o proceso selectivo (concurso-oposición) para a constitución dunha lista de espera ou bolsa de traballo correspondente á categoría de auxiliar de biblioteca e aprobar as súas bases reguladoras.
2. A convocatoria e as bases que rexen o procedemento foron publicadas no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 201, do 24/10/2022.
3. O prazo de presentación de solicitudes para concorrer ao proceso selectivo concluíu o 14/11/2022.
4. Mediante o Decreto 1590/2022, do 23 de novembro, desta Concellaría-Delegada, aprobouse a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas para participar no proceso selectivo arriba descrito. O prazo de presentación de emendas e reclamacións, de cinco (5) días hábiles, rematou o 30 de novembro de 2022.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A base núm. 3 das que rexen no procedemento, no que aquí interesa, sinala:

“3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

(...)

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditará resolución, no prazo máximo de cinco días hábiles, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), e na páxina *web* municipal declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de cinco (5) días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos da LPACAP. Na resolución identificaranse ás persoas aspirantes que achegaron o certificado acreditativo do nivel de galego requirido e que, polo tanto, están exentas de realizar a proba de coñecementos da lingua galega.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado non emenden a súa exclusión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán consideradas definitivamente excluídas.”

E a base núm. 4 trata dos aspectos relativos á designación do tribunal e ao seu funcionamento.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Ila

Logo de examinada a documentación achegada polas persoas aspirantes durante o prazo de presentación de emendas e reclamacións, todas as persoas provisionalmente excluídas achegaron a documentación requirida para ser admitidas, e unha aspirante provisionalmente admitida achegou documento acreditativo de estar en posesión do Celga 3 ou equivalente.

Correspóndelle á concelleira-delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditar a presente resolución, en virtude das atribucións que lle foron delegadas pola Alcaldía a través do Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Aprobar a relación **definitiva** de persoas aspirantes admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a constitución dunha lista de espera ou bolsa de traballo correspondente á categoría de auxiliar de biblioteca.

a) Persoas aspirantes admitidas:

| APELIDOS E NOME | DNI | CELGA 3 OU EQUIVALENTE |
|---------------------------------|-----------|------------------------|
| Aboy Quintela, Irene | ***6311** | Si |
| Alonso Domínguez, Miriam | ***9891** | Si |
| Amado Garrido, Cristina | ***3635** | Si |
| Araujo Fernández, Yolanda | ***1233** | Si |
| Arias Mas, Borja | ***5617** | Si |
| Baamonde Silva, Ana | ***3550** | Si |
| Balboa Díaz, Rosalía Guadalupe | ***7541** | Si |
| Ballesteros Pampín, Alberto | ***4983** | Si |
| Bañal Teijido, María Luz | ***9384** | Si |
| Barro Díaz, María Guadalupe | ***8988** | Si |
| Becerra Bermúdez, Brais | ***4168** | Si |
| Becerra Ríos, Laura | ***0266** | Si |
| Blanco Ternande, Belén | ***1145** | Si |
| Bolaños Redondo, Agustín Manuel | ***1596** | Si |
| Bouza Anidos María Manuela | ***5538** | Si |
| Cabarcos Bermúdez, Delia | ***8051** | Si |
| Calles Alonso, Brais | ***6532** | Si |
| Carreño Rodríguez, Alejandra | ***4311** | Si |
| Carril Rivadulla, Miriam | ***0796** | Si |
| Castro Freire, Martín | ***6151** | Si |
| Castro González, Ana | ***1710** | Si |
| Cornado Rodríguez, Lucía | ***5693** | Si |
| Couce Prego, Miguel | ***2256** | Si |



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Ila

| APELIDOS E NOME | DNI | CELGA 3 OU EQUIVALENTE |
|---------------------------------|-----------|------------------------|
| Currás Gato, Iria | ***5203** | Si |
| De la Peña Calvo, Natalia | ***9194** | Si |
| Ferreiro Mosquera, Eva María | ***8045** | Si |
| Fornos López, María del Mar | ***1375** | Si |
| Franco Bouza, Lorena | ***9193** | Si |
| Freire Zaragoza, Verónica | ***1389** | Si |
| García Riesgo, Andrés | ***0220** | Si |
| García Vergara, Lidia | ***3929** | Si |
| Gil Rodríguez, Iria | ***0397** | Si |
| Gómez Carballal, Diego | ***5481** | Si |
| González Peteiro, Ivan | ***3576** | Si |
| Guerreiro Barro, Verónica | ***9961** | Si |
| Iglesias Saavedra, Carmen | ***4182** | Si |
| Irigoyen Vázquez, Sergio | ***5547** | Si |
| Jaso Díaz-Guevara, Fátima | ***5274** | Si |
| Lago Somoza, Vanesa | ***7528** | Si |
| Laiño Piñeiro, Alejandro | ***8080** | Si |
| Lanzós López, Pamela | ***4624** | Si |
| Lechuga Fernández, Nekane | ***0550** | Si |
| López López, Ibán | ***6434** | Si |
| López Méndez, Gloria | ***0490** | Si |
| López Méndez, Xoel Agustín | ***0163** | Si |
| López Miragaya, Beatriz Eugenia | ***5872** | Si |
| López Rodríguez, Begoña | ***6477** | Si |
| López Varela, Mariña | ***3830** | Si |
| Márquez Gómez, Rodrigo | ***3211** | Si |
| Méndez Cores, Eva | ***5855** | Si |
| Méndez López, Pablo | ***5815** | Si |
| Montero Sabín, Elena | ***0674** | Si |
| Paz Prieto, Miguel | ***1431** | Si |
| Pazos Soto, Paula | ***0905** | Si |
| Pereiro Álvarez, Adriana | ***2576** | Si |
| Pérez Louzao, Hilario | ***6514** | Si |
| Pérez Martínez, María Guadalupe | ***1029** | Si |
| Pérez Montero, Álvaro | ***5925** | Si |
| Permuy Pico, Laura | ***2784** | Si |
| Poveda Arnejo, Concepción | ***8078** | Si |
| Prieto Verdial, Brais | ***2750** | Si |
| Rey Díaz, Adrián | ***4199** | Si |
| Rey Edreira, Isabel | ***3467** | Si |



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Ila

| APELIDOS E NOME | DNI | CELGA 3 OU EQUIVALENTE |
|------------------------------------|-----------|------------------------|
| Rey García, Tania | ***3581** | Si |
| Roca Romero, Vanesa | ***0225** | Si |
| Ruban Durán, Atenea | ***3351** | Si |
| Saavedra Blanco, Marcos | ***9874** | Si |
| Sánchez Barbeito, Elena | ***5118** | Si |
| Sánchez Sánchez, Marta | ***4631** | Si |
| Sánchez Sánchez, Yesica | ***4631** | Si |
| Soto Soto, María Emma | ***4732** | Si |
| Tarela Villanueva, Antonio Alfonso | ***3874** | Si |
| Varela García Amorena, Susana | ***9758** | Si |
| Varela Villar, Verónica | ***8622** | Si |
| Veiga Rodríguez, Paula | ***3777** | Si |
| Vigo Rodríguez, Isabel | ***6762** | Si |
| Viñas Mayo, Rubén | ***9158** | Si |
| Vizcaíno Fernández, Azucena | ***0255** | Si |

b) Persoas aspirantes **excluídas: ningunha.**

2. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3. Designar as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario e laboral fixo deste concello, para integrar o órgano de selección (tribunal) na condición que en cada caso se indica:

- **Presidencia:**

- . Titular: Ana Isabel Alonso López, bibliotecaria
- . Suplente: María Montserrat González Rivera, traballadora social

- **Secretaría:**

- . Titular: Ana María Barba Pazos, técnica de cultura
- . Suplente: Susana Bellas Bermúdez, técnica de cultura

- **Vogalías:**

- 1ª):
 - . Titular: Manuel Souto López, técnico de xestión



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Ila

. Suplente: José Ignacio Bouza Martínez, administrativo de administración xeral

2ª):

. Titular: José Sanjurjo Paz, técnico informático

. Suplente: Carlos Teijeiro Paz, recadador

3ª):

. Titular: Sandra López Rodríguez, administrativa de administración xeral

. Suplente: Marina Seco Paz, administrativa de administración xeral

- Asesora para a proba de galego (de ser o caso):

. María Flora Vázquez Alonso, oficial administrativa e de asesoramento lingüístico do Concello das Pontes de García Rodríguez

- Persoal colaborador:

O tribunal poderá recabar o auxilio de persoal administrativo ou subalterno de apoio, de ser necesario, designado de entre o persoal funcionario ou laboral da entidade local por esta Concellaría-Delegada.

4. Fixar o lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización do primeiro exercicio dos da fase de oposición, nos seguintes termos:

a) Día: mércores, 25 de xaneiro de 2023

b) Lugar: Auditorio municipal Casa Dopeso, sito na rúa Rosalía de Castro, nº 28 (As Pontes de García Rodríguez, 15320).

c) Constitución do tribunal: **9:30 horas**.

d) Realización do primeiro exercicio: **10:00 horas**.

e) **Convocar** as persoas integrantes do tribunal para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados.

f) **Convocar** as persoas aspirantes para efectuar o primeiro exercicio no lugar, día e hora indicados.

g) As persoas aspirantes deberán levar o documento de identificación (DNI ou pasaporte) e acudir provistas de bolígrafo azul tipo *bic punta normal*.

5. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina web municipal, para os efectos de



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Ila

coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños